

MARÍA VICTORIA MORENO

CONSTELACIÓN LITERARIA
Letras Galegas 2018

*Falabamos dun patio en dous niveis e dunha árbore...
A árbore, unha amendoeira que aínda segue en pé, gardando memoria daqueles días. Alí, entre as súas ramas decidiran, coma paxaros, poñeren ás á imaxinación, deixándoa voar por riba do patio cerrado. Empoleirados nela sentíanse libres.*

Fina Casalderrey / Marilar Aleixandre
María Victoria Moreno
Xerais, Vigo, 2018 (pax. 39)

A MULLER QUE DURMIA POUCO E SONABA MOITO (2018)

MAR ADIANTE (1973)

palabras clave
Crítica do ensino, fantasía, empatía, animais humanizados.

Vinculación con outros libros
A escola dos piratas (Agustín Fernández Paz)
Sempre Cristina (Úrsula Heinze)

Fragmento
Conta a historia dunha mestra que puxo escola nun barco, o Arroás. Con ela vai Miguel, un vello mariñeiro de Portosouiril e tamén o capitán Xosé Luís, un poeta, un debuxante, un amigo das estrelas e a cociñeira Lola. No barco os once nenos e nenas aprenden cousas que non veñen nos libros.

A FESTA NO FAIADO (1983)

palabras clave
Xogo como liberación, animais humanizados, diferenzas sociais.

Vinculación con outros libros
O can Rin e o lobo Crispín (Carlos Casares)
E ti que farías por min (Fina Casalderrey)

Fragmento
Uxía é unha boneca á que abandonaron nun faiado de casa rica, onde atopa ao esfameado Gato, que sempre viviu alí. Para poder xogar xuntos ela ten que explicarlle algo do mundo e decide organizar un banquete de domingo con convidados.

1º PREMIO VIII CONCURSO NACIONAL DE CONTOS INFANTÍS O FACHO EN 1975

O CATAVENTOS (1989)

palabras clave
Liberdade, animais humanizados, condena do autoritarismo.

Vinculación con outros libros
A galiña azul (Carlos Casares)
O quirico lambón (Bernardino Graña)
O galo avisado e o raposo trampulleiro (Antonio Reigosa)

Fragmento
Conta a transformación do fachendoso galo don Pío nun cataventos, en castigo polo seu soberbio comportamento coas galiñas do galiñeiro, ás que maltrata e somete.

A BRÉTEMA (1985)

palabras clave
Vellez, tristura e soidade, natureza humanizada.

Vinculación con outros libros
A viaxe do vento pequeno (Concha López Narváez e Carmelo Salmerón)
Nube de neve (Xabier Docampo)
A nube de cores (Agustín Fernández Paz)

Fragmento
A velliña Minia Senín contaba os solpores da súa vida dende a porta da súa casa, esquecida por todos. Ata que un día se converteu en brétema; entón fíxose amiga dos labregos.

3º PREMIO O BARCO DE VAPOR

LEONARDO E OS FONTANEIROS (1986)

palabras clave
Adolescencia, animais humanizados, masculinidades diverxentes, crítica do ensino.

Vinculación con outros libros
Dúas bágoas por Máquina (Fina Casalderrey)
A banda sen futuro (Marilar Aleixandre)
Viaxe á illa redonda (Helena Villar Janeiro)

Fragmento
A novela conta a amizade entre Antón e mais o can de palleiro Leonardo, así como as trasnadas dos rapaces (fontaneiros) no colexio e as rifas dos profesores.

ANAGNÓRISE (1988)

palabras clave
Viaxe, adolescencia, adicións, aprendizaxe.

Vinculación con outros libros
Os comedores de patacas (Manuel Rivas)
Anxos en tempos de chuvia (Miguel Vázquez Freire)

Fragmento
Unha viaxe en coche a Madrid dá para moito, aínda que a condutora e o autostopista sexan -nun principio- descoñecidos, aínda que un non saiba o nome do outro. As vivencias e as reflexións compartidas van achegando ata un punto de intersección inimaxinable, sobre todo para el.

NA LISTA DE HONRA DO IBBY DO ANO 1990

Fragmento
Tentado estiven de dicirlle que me interesaba máis saber o seu nome, pero calei a boca porque tiven a intuición de que ela deixaría de ser quen era tan axiña como me revelase ese segredo. E non quería arriscarme a perdela, nin a vela incomodada comigo, nin a romper ese fío de entendemento que nacera ó cabo de tantas horas compartidas.

RELATOS PARA UN TEMPO NOVO, SANTIAGO DE COMPOSTELA, XUNTA DE GALICIA, 1993.

PAN CON CHOCOLATE

palabras clave
Amor, multiculturalidade, discriminación.

Vinculación con outros libros
Unha estrela no vento (Leticia Costas)
A camioneta da media risa (Concha Blanco)

Fragmento
Eva escribelle unha carta a Adonay, o mozo xitano do que está namorada, para preguntarlle como se atopa, xa que está desaparecido, despois da riada que asulagou o arrabalde onde vive.

¿E HABERÁ TIRÓN DE ORELLAS? (1997)

palabras clave
Animais humanizados, natureza, medo.

Vinculación con outros libros
Honorato, o rato namorado (Antonio García Teijeiro)
Dona e don (Helena Villar Janeiro)

Fragmento
É un conto en verso. A cadeliña Alma marcha da casa sen rumbo porque está soa e triste; pero, tras pasar a noite fóra, sente morriña da súa xente e decide volver.

GUEDELLAS DE SEDA E LIÑO (1999)

palabras clave
Diferenzas sociais, marxinação, adicións, maltrato.

Vinculación con outros libros
Valdemuller (Xosé A. Neira Cruz)
O Fidalgo (Ramón Otero Pedrayo)

Fragmento
A novela fala dos conflitos de identidade na adolescencia, a través das rapazas Rato Chus e Vanessa. Contrasta a vida no pazo, onde vive Rato Chus, que debe recoller unha carta custodiada por un notario e que lle dará pé a coñecer o seu pasado, coa marxinação que padece Vanessa, que vive nun contexto familiar violento e coa desilusión do primeiro amor.

EU CONTO, TI CANTAS... (2005)

palabras clave
Noite, medo, natureza, cidade, mascotas, abandono, aventura, letras, nenos.

Vinculación con outros libros
Fiz, o coleccionista de medos (do que hai proposta didáctica audiovisual)
Raquel ten medo (Fina Casalderrey)

Fragmento
Contén tres contos. No primeiro, un neno que ten que durmir só na bufarda e esco-rrenta o medo. No segundo, un canción mimado e outro abandonado fanse amigos e protagonizan unha escapada. No último, un neno e unha cadeliña asisten a un home pobre.

MENCIÓN ESPECIAL DOS PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA 2000 E MENCIÓN ESPECIAL WHITE RAVENS 2002

EXPERTOS
LECTOR AUTÓNOMO

XUVENIL
PRIMEIROS LECTORES

